

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN E CALIFICACIÓN PARA O TRABALLO DURANTE O PROCESO TELEMÁTICO.

Durante este proceso que abrangue o final do 2º trimestre e o total do 3º trimestre valorase a entrega dun total de 9 tarefas no curso de 2º da ESO. Cada unha destas tarefas terá un valor de 0,10 sobre a nota media da 1ª e 2ª avaliación.

Para que ditas tarefas puntúen deben estar entregadas en prazo (salvo causas xustificadas), deben estar ben presentadas e deben estar resoltas con calidade. A súa simple entrega non será suficiente para que sumen o valor que se lle adxudicou.

A suma total das 9 tarefas corresponderíase con 0,9 a maiores sobre a nota media, como ben comentamos anteriormente. A aquelas alumnas e alumnos que teñan entregadas todas as tarefas en prazo, con boa presentación e unha boa calidade das mesmas sumaráselle un total de 1 punto, recoñecendo así o seu traballo continuo e interese pola materia.

De seguido citamos as 9 tarefas que se encomendaron para este curso:

1. Descrición de diferentes elementos ximnásticos.
2. Vídeo executando diferentes puntos de muiñeira.
3. Dous pasatempos relacionados con contidos teóricos do baile tradicional.
4. Análise de diferentes danzas do mundo.
5. Vídeo executando diferentes paseos de muiñeira.
6. Preguntas relacionadas con conceptos básicos das AFMN de o Sendeirismo.
7. Búsqueda e descrición de unha ruta de sendeirismo do contorno próximo.
8. Execución como mínimo de 3 nós empregados en actividades de montaña.
Cabuiería.
9. Coreografía de combinación de saltos á corda.

Nalgunhas das semanas plantexáronse retos físicos con carácter voluntario. A entrega dalgúns destes retos e a súa correspondente consecución, será valorada de forma positiva de cara á puntuación final.